



A LA MESA DEL CONGRESO

El diputado del **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, Néstor Rego Candamil, adscrito al GRUPO PARLAMENTARIO MIXTO, al amparo de lo establecido en el artículo 185 y siguientes del Reglamento del Congreso, formula las siguientes **preguntas dirigidas al Gobierno para su respuesta escrita relativas a la construcción de la subestación eléctrica de Abegondo.**

En 2017 se sometió a consulta previa un proyecto de Red Eléctrica Española para la construcción de una subestación eléctrica en Abegondo. Sin embargo, la tramitación fue interrumpida y paralizada en este punto, quedando sin definir la ubicación concreta que ocuparía la futura subestación, para la que se barajaban distintas opciones. En todo caso, la posibilidad de instalar una nueva subestación en el municipio de Abegondo causó, ya en aquel momento, una fuerte oposición vecinal, por sus graves afectaciones y su gran impacto en el territorio y en la calidad de vida de los vecinos y vecinas.

A partir del año 2020 empiezan a surgir distintos proyectos para la instalación de nuevos parques eólicos, tanto en la comarca de las Mariñas como en la de Ferrol o incluso en la provincia de Lugo, que incluían en sus previsiones la conexión a la red en esa supuesta futura infraestructura, que iba a estar situada en Abegondo, pero que, en aquel momento, ni siquiera se había empezado a tramitar y de la que seguía sin conocerse cuál iba a ser su ubicación. Así, volvieron a sonar las alarmas de los vecinos y las vecinas que mantuvieron las movilizaciones para manifestar su rechazo.

En marzo de 2022 el BNG presentó una pregunta en el Congreso en la que solicitaba información sobre el estado del proyecto de la subestación de Abegondo. En la respuesta remitida por el Gobierno en el mes de abril de ese mismo año, se informaba de que la tramitación del citado proyecto estaba siendo llevada a cabo por la Xunta de Galicia.

Así, en noviembre de 2022 presentamos una nueva iniciativa, esta vez en el Parlamento de Galicia, a través de cuya respuesta el 17 de febrero se confirmaba que Red Eléctrica había retirado el anterior proyecto para presentar uno nuevo.

El 1 de septiembre de 2023 se publicó en el BOP un anuncio del Área Funcional de



Industria y Energía de la Delegación del Gobierno en Galicia por el que se sometía al trámite de Información Pública (IP) la solicitud de otorgamiento de las Autorizaciones Administrativas Previas (AAP) y de Construcción (AAC) y la Declaración de Utilidad Pública (DUP) del PROYECTO de PARQUE de 400 KV de la nueva subestación eléctrica «SE 400/220 kV Abegondo». Esta subestación formaría parte de la red de transporte de energía eléctrica en alta tensión y tendría por objeto permitir la electrificación del transporte, en concreto, la alimentación del eje ferroviario Vigo-Ourense-Lugo-A Coruña. El Parque de 400 kV formaría parte de la «nueva» subestación eléctrica «SE 400/220 kV Abegondo», junto con el Parque de 220 kV cuya autorización está tramitando la Xunta.

Con fecha de 20 de septiembre de 2023, el BNG presentó una nueva iniciativa solicitando información y transparencia y denunciando el oscurantismo que viene rodeando este proyecto, además de registrar también alegaciones con fecha 13 de octubre de 2023.

Con todo, el 14 de julio de 2025 se publicó un anuncio en el BOP de la provincia de A Coruña por el que se somete a información pública una ampliación de la subestación, en ese momento aún sin autorización y que, por tanto, no contaba con un proyecto definitivo. Esta circunstancia y la falta de transparencia llevaron al BNG a presentar nuevas iniciativas para solicitar información sobre la situación en que se encontraba este proyecto.

A principios de noviembre el Gobierno del Estado respondió a las preguntas del BNG sobre la ampliación, limitándose a informar de que la subestación está recogida en la planificación energética vigente «Plan de desarrollo de la Red de Transporte de Energía Eléctrica 2021-2026». Posteriormente, el 24 de noviembre del pasado año, se publicó en el BOP la autorización por parte del Gobierno del Estado de la subestación que fue aprobada el 5 de noviembre. En enero de 2026 se publicó también la autorización para la subestación de 220 kV que está tramitando la Xunta.

Esta nueva infraestructura se enmarca en el llamado «boom eólico» depredador que se ha venido dando en Galicia en los últimos años, en el que aparecen diariamente nuevos proyectos para la instalación de parques de producción de energía eólica, pero sin planificación, afectando a viviendas y núcleos de población y al medio natural, y con graves irregularidades tanto en los proyectos como en las infraestructuras de evacuación.

La falta de planificación y de información transparente provoca además indefensión en los vecinos y vecinas afectados, como en el caso concreto de la subestación de Abegondo, que desde el año 2017 en que se hizo pública la intención de Red Eléctrica de construir una



nueva subestación en Abegondo, manifestó su oposición al proyecto, como también lo hicieron las diferentes fuerzas políticas municipales, el propio ayuntamiento de Abegondo o la Reserva de la Biosfera de las Mariñas Coruñesas y Tierras del Mandeo. Así, la subestación y las líneas de evacuación de alta tensión que van a atravesar el territorio de Abegondo y de otros municipios de la comarca de las Mariñas ni siquiera contaron con un estudio de impacto ambiental conjunto sobre lo que todas estas infraestructuras van a provocar.

No puede entenderse la tramitación y evaluación separada de los impactos de los distintos proyectos como si fueran independientes y no acumulativos; las subestaciones tramitadas por la Xunta y el Gobierno del Estado, los parques eólicos del área y las líneas de evacuación de cada uno deben ser considerados en conjunto; de lo contrario, se estaría dando por válida una fragmentación intencionada para facilitar la autorización.

Por último, cabe recordar que todos los grupos políticos con representación en el Ayuntamiento de Abegondo se sumaron a las históricas reclamaciones de los vecinos y vecinas de Abegondo, incluido el BNG, y manifestaron su oposición a la instalación de una subestación eléctrica en el término municipal, pues la infraestructura implicará un enorme impacto en la zona, en el patrimonio natural y cultural, así como en la calidad de vida de las personas que habitan en los núcleos y aldeas próximas.

Por los motivos expuestos, el BNG formula las siguientes preguntas dirigidas al Gobierno:

1. ¿Cuál es la valoración que realiza el Ministerio para la Transición Ecológica y el Reto Demográfico sobre la falta de evaluación conjunta de las dos subestaciones previstas en el Término Municipal de Abegondo, la de 220 kV y la de 400 kV, junto con las respectivas líneas de evacuación asociadas, que están siendo tramitadas paralelamente por la Xunta de Galicia y el Gobierno del Estado?
2. ¿Por qué no se promovió una evaluación ambiental acumulativa que tuviera en cuenta el conjunto de infraestructuras vinculadas a la subestación que está tramitando el Gobierno del Estado?



3. ¿Qué valoración hizo el Ministerio de las afecciones sobre la Reserva de la Biosfera de las Mariñas Coruñesas y Tierras del Mandeo?
4. ¿Comparte el Gobierno que la fragmentación de la tramitación en distintas fases y proyectos implica una disminución de las garantías ambientales y que puede facilitar la autorización o la instalación de infraestructuras energéticas por su valoración individual y no conjunta?

En Madrid, a 24 de marzo de 2026

Néstor Rego Candamil

Diputado del BNG en el Congreso



CONGRESO DE LOS DIPUTADOS
SECRETARÍA GENERAL
REGISTRO GENERAL

24 MAR. 2026 14:54:08

Entrada **107865**

Sobre a subestación eléctrica de Abegondo

| | |
|-----------------|---|
| Competencia | Otros Expedientes |
| Tipo Expediente | 300-Escrito en lengua española distinta del castellano, oficial en Comunidad Autónoma (art. 92.1) |

Fdo.: Néstor REGO CANDAMIL
Diputado



Á MESA DO CONGRESO

O deputado do **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, Néstor Rego Candamil, adscrito ao GRUPO PARLAMENTAR MIXTO, ao abeiro do establecido no artigo 185 e seguintes do Regulamento do Congreso, formula as seguintes **preguntas dirixidas ao Goberno para a súa resposta escrita relativa á construción da subestación eléctrica de Abegondo.**

En 2017 era sometido a consulta previa un proxecto de Rede Eléctrica Española para a construción dunha subestación eléctrica en Abegondo. Porén, a tramitación foi interrompida e paralizada neste punto, quedando sen definir a localización concreta que ocuparía a futura subestación, para a que se barallaban distintas opcións. En todo caso, a posibilidade de instalar unha nova subestación no Concello de Abegondo causou, xa naquela altura, unha forte oposición veciñal, polas súas graves afectacións e grande impacto no territorio e na calidade de vida da veciñanza.

A partir do ano 2020 empezan a xurdir distintos proxectos para a instalación de novos parques eólicos, tanto na comarca das Mariñas como na de Ferrol ou mesmo na provincia de Lugo, que incluían nas súas previsións a conexión a rede nesa suposta futura infraestrutura, que ía estar situada en Abegondo, mais que, naquel momento, nin sequera se empezara a tramitar e da que seguía sen coñecerse cal ía ser a súa ubicación. Así, volveron espertarse as alarmas dos veciños e veciñas que mantiveron as mobilizacións para manifestar o seu rexeitamento.

En marzo de 2022 o BNG rexistraba una pregunta no Congreso en que solicitaba información sobre o estado do proxecto da subestación de Abegondo. Na resposta remitida desde o Goberno no mes de abril dese mesmo ano, informábase de que a tramitación do citado proxecto estaba sendo efectuada pola Xunta da Galiza.



Así, en novembro de 2022 presentamos unha nova iniciativa, esta vez no Parlamento de Galiza, a través de cuxa resposta o 17 de febreiro confirmábase que Rede Eléctrica retirara o anterior proxecto para presentar un novo.

O 1 de setembro de 2023 publicouse no BOP, un anuncio da Área Funcional de Industria e Enerxía da Delegación do Goberno na Galiza polo que se sometía ao trámite de Información Pública (IP) a solicitude de Outorgamento das Autorizacións Administrativas Previa (AAP) e de Construción (AAC) e Declaración de Utilidade Pública (DUP) do PROXECTO de PARQUE de 400 KV da nova subestación eléctrica «SE 400/220 kV Abegondo. Esta subestación formaría parte da rede de transporte de enerxía eléctrica en alta tensión e tería por obxecto permitir a electrificación do transporte, en concreto, a alimentación o eixe ferroviario Vigo-Ourense-Lugo-A Coruña. O Parque de 400 kV formaría parte da “nova” subestación eléctrica «SE 400/220 kV Abegondo», xunto co Parque de 220 kV cuxa autorización está a tramitar a Xunta.

Con data de 20 de setembro de 2023, o BNG presentou unha nova iniciativa solicitando información e transparencia e denunciando o escurantismo que ven rodeando este proxecto, ademais de rexistrar tamén alegacións con data 13 de outubro de 2023.

Con todo, o 14 de xullo de 2025 era publicado anuncio no BOP da provincia da Coruña polo que se somete a información pública unha ampliación da subestación, nese momento aínda sen autorización e que, por tanto, non contaba cun proxecto definitivo. Esta circunstancia e falta de transparencia levou ao BNG a presentar novas iniciativas para solicitar información sobre a situación en que se encontraba este proxecto.

A primeiros de novembro o Goberno do Estado responde ás preguntas do BNG sobre a ampliación limitándose a informar que a subestación está recollida na planificación enerxética en vigor “Plan de desenvolvemento da Rede de Transporte de Enerxía Eléctrica 2021-2026”. Posteriormente, o 24 de novembro do pasado ano, sae publicada no BOP a autorización por parte do Goberno do Estado da subestación que fora aprobada a 5 novembro. En xaneiro de 2026 publícase tamén a autorización para a subestación de 220Kv que está tramitando a Xunta.



Esta nova infraestrutura encádrase dentro do chamado “boom eólico” depredador, que se está a dar na Galiza nos últimos anos, en que aparecen diariamente novos proxectos para a instalación de parques de produción de enerxía eólica, mais sen planificación, afectando a vivendas e núcleos de poboación e ao medio natural e con graves irregularidades tanto nos proxectos como nas infraestruturas de evacuación.

A falta de planificación e de información transparente provoca ademais indefensión na veciñanza afectada, como no caso concreto da subestación de Abegondo, que desde o ano 2017 en que se fixo pública a intención de Rede Eléctrica de construír unha nova subestación en Abegondo, manifestou a súa oposición ao proxecto, como tamén o fixeron as diferentes forzas políticas municipais, o propio concello de Abegondo ou da Reserva da Biosfera das Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo. Así, a subestación e as liñas de evacuación de Alta Tensión que van atravesar o territorio de Abegondo e doutros concellos da comarca das Mariñas non contaron sequera cun estudo de impacto ambiental conxunto que todas estas infraestruturas vai provocar.

Non pode entenderse a tramitación e avaliación separada dos impactos dos distintos proxectos como se fosen independentes e non acumulativos, as subestacións tramitadas pola Xunta e Goberno do Estado, os parques eólicos da área e as liñas de evacuación de cada un, deben ser considerados en conxunto, do contrario, está a darse pos válida unha fragmentación intencionada para facilitar a autorización.

Por último, cabe lembrar que todos os grupos políticos con representación no Concello de Abegondo sumáronse ás históricas reclamacións da veciñanza de Abegondo, tamén do BNG, e manifestaron a súa oposición á instalación dunha subestación eléctrica no termo municipal, pois a infraestrutura implicará un impacto enorme na zona, no patrimonio natural e cultural, así como na calidade de vida das persoas que habitan nos núcleos e aldeas próximas.

Polos motivos expostos, o BNG formula as seguintes preguntas dirixidas ao Goberno:



1. Cal é a valoración que realiza o Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico sobre a falta de avaliación conxunta das dúas subestacións previstas no Concello de Abegondo, a de 220kV e a de 400 kV, xunto coas respectivas liñas de evacuación asociadas, que están a ser tramitadas paralelamente pola Xunta da Galiza e o Goberno do Estado?
2. Por que non se promoveu unha avaliación ambiental acumulativa que tivese en conta o conxunto de infraestruturas vinculadas á subestación que está a tramitar o Goberno do Estado?
3. Que valoración fixo a o Ministerio das afeccións sobre a Reserva da Biosfera das Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo?
4. Comparte o Goberno que a fragmentación da tramitación en distintas fases e proxectos implica unha diminución das garantías ambientais e que pode facilitar a autorización ou instalación de infraestruturas enerxéticas pola súa valoración individual e no conxunta?

Madrid, a 24 de marzo de 2026

Néstor Rego Candamil

Deputado do BNG no Congreso